



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO DE OBRA DE PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE GRADÍN (PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019)

1.- Obxecto do contrato.

O presente contrato ten por obxecto a execución da obra de PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE GRADÍN, incluído dentro do PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2018-2019 de AGADER.

2.- Xustificación da necesidade do contrato.

A xustificación da necesidade do contrato se basea nos puntos que se detallan a continuación:

2.1. O artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local establece que “Os municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes: a) En todos os municipios [...] acceso ós núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas”

2.2. O camiño obxecto deste expediente de contratación presentan unha necesidade de mantemento e acondicionamento que lle permita seguir cumprindo cas súas funcións de accesibilidade e vertebración do territorio.

3.- Insuficiencia de medios.

Este Concello non dispón dos suficientes medios persoais e técnicos para desenvolver a execución dos traballos obxecto deste contrato, que exceden das tarefas de mera conservación e mantemento.

4.- Xustificación do procedemento empregado.

De conformidade co artigo 159 da Lei de Contratos do Sector Público o procedemento de adxudicación será o aberto simplificado, garantindo a máxima igualdade e concorrencia no proceso de licitación.

5.- División en lotes.

Dada a característica do contrato non se precisa a división do mesmo en lotes.

6.- Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As obras fináncianse ca achega de Agader, dentro do Plan de mellora de camiños municipais 2018-2019, por importe de 40.164,00 euros, sendo a aportación do Concello de 8.434,44 euros correspondentes ó IVE, que xa figura consignado no orzamento municipal 2018.

A presente contratación non vai supoñer incumprimento da estabilidade orzamentaria ou sustentabilidade financeira.

7.- Utilización de medios electrónicos.

En base ó disposto no apartado 3 da disposición adicional Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a presentación de ofertas e solicitudes de participación levarase a cabo utilizando medios electrónicos, de conformidade cos requisitos



Concello de A Illa de Arousa

C.I.F. nº P86000041
Rúa Palmeira 25 - 36626 A ILLA DE AROUSA (Pontevedra)
Tf. 986527080 - Fax 986528700
e-mail : concello@ailladearousa.es

establecidos na mencionada Disposición Adicional. Non obstante, os órganos de contratación non estarán obrigados a esixir o emprego de medios electrónicos no procedemento de presentación de ofertas en determinados supostos.

Para a licitación do presente contrato non se esixe a presentación de ofertas empregando medios electrónicos, ao non dispoñer o órgano de contratación de equipos ofimáticos especializados.

8.- Publicación.

De acordo co disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a presente memoria deberase publicar no perfil do contratante desta Administración.

Na Illa de Arousa.

O ALCALDE

Asdo. Carlos Iglesias Cores